

Máis alá do racional

23.10.2009 O pintor Alfredo Salom reúne nunha exposición en Madrid retratos que lle fixo a Alfonso Pexegueiro e cadros agromados do sentimento que lle producen os seus poemarios

M. DOPICO . SANTIAGO

‘La visión. La crueldad. La locura’ é o título do cadro da imaxe, un dos incluídos na exposición

"A obra de Alfonso Pexegueiro entra de cheo neses territorios perigosos que obrigatoriamente deben percorrer aqueles que queren albiscar algo novo. E aínda que só sexa un segundo, un confuso indicio dunha realidade descoñecida e estarrecedora, unicamente se pode experimentar -como dicía Roberto Bolaño- saltando ao abismo e mantendo os ollos abertos, como só os valentes poden facer". O pintor Alfredo Salom define con palabras coma estas a creación do poeta galego, ao que lle dedica unha exposición que a Casa de Galicia en Madrid acollerá a partir do vindeiro día 3 de novembro.

A palabra, o sangue e o baleiro. Percorrido pola obra de Alfonso Pexegueiro é o título desta mostra, conformada por retratos do escritor e cadros agromados das sensacións e sentimentos que a Salom lle produce a lectura dos poemarios de Pexegueiro. "A palabra, é obvio: é imprescindible para calquera poeta. Ademais, na obra de Pexegueiro hai, para min, uns puntos que se van repetindo, e un deles é o sangue, a violencia. En *A illa das mulleres loucas* hai un verso que di que "só matando atopei a miña identidade (liberdade)". O significado, para min, remite a un salto máis, alén do cotián, do racional: só matando o que son agora, o que me fixo estar ata agora como estou, poderei ser outra cousa, máis profunda. O baleiro é, igual que cando falan os místicos da nada, iso que nos falta para sentirnos completos. A obra de Pexegueiro vai cara a ese baleiro", explicou o pintor.

Alfonso Pexegueiro viviu varios anos en Barcelona. "Somos amigos, e a min a súa obra impresionoume moito desde o principio. Un día propúxenlle facerlle uns retratos. Estivemos no meu estudio, e houbo unha conexión moi forte... Parte deses retratos, que son óleos sobre tea, forman parte desta exposición. Despois, eu traballei sobre os poemarios, sobre todo *A illa das mulleres loucas*, *Hipatia* e *O lago das garzas azuis*. Tentei plasmar o tipo de sensacións, sentimentos, que me producían os versos, con tinta china ou outras técnicas. A maioría dos títulos son fragmentos de versos de poemas de Pexegueiro", engadiu.

Salom traballara anteriormente sobre a obra doutros poetas, como Fernando Pessoa, Franz Kafka, Arthur Rimbaud, Charles Baudelaire ou Leopoldo María Panero. "A poesía sempre me marcou moito. Coñezo bastante a poesía galega contemporánea, que

me parece espléndida, sobre todo a feita por mulleres... A poesía é como abrir unha porta a outro tipo de vivencia, máis alá do cotián. E a de Pexegueiro é así, unha poesía feita máis alá do racional, aínda que tamén teña que ver con preocupacións políticas e sociais. Na miña pintura, tento trascender a anécdota do físico, ir máis alá... e se cadra ese é o punto de confluencia", comentou.

"Escollo poetas que me resultan afíns: dos que podo aprender, gozar... Trato de imbuírme deles, da súa obra, nun proceso de anos, de xeito que pasan a formar parte de min. Déixome levar polo espírito, o que a min me entrou do verso, poema, ou da obra enteira. E comezo a debuxar. Debuxo moito, un pouco de modo inconsciente, deixándome levar polos sentimentos, polo que me resulta máis próximo, o que sinto da obra do poeta. Para esta mostra seleccionei o que máis me gustaba, e tentei que reflectise o máis posible o sentimento que teño sobre a obra de Pexegueiro...", concluíu.

MARÍA DO CEBREIRO

"Somos algo máis libres e máis nós"

Alfonso Pexegueiro (Angoares-Pontearas, 1948), foi un dos creadores nos anos 70 do Grupo de Comunicación Poética Rompente, do que despois se foi desligando. A poeta María do Cebreiro salienta no texto que escribiu para o catálogo da exposición de Salom que "en toda a obra de Alfonso Pexegueiro, e moi singularmente en *Hipatia e n'A illa das mulleres loucas*, emerxe a muller como figura da memoria común ou, por dicilo dun xeito máis preciso, como lembranza do futuro. Non o que xa somos, senón o que aínda non sabemos. Non a obediencia, senón a liberdade. Mirando estas mulleres que nos miran, ollando para os lenzos de Alfredo Salom, somos algo máis libres e máis nós".